

## BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS ENTROIDO 2019

**O Concello de Ponteareas, no seu afán por fomentar e preservar os nosos sinais de identidade, convoca a participación no entroido 2019 atendendo as seguintes bases:**

1.- Poderán participar neste concurso todas as asociacións culturais, deportivas, etc. así como todos os grupos ou colectivos interesados en participar e divertirse nas festas do Entroido.

2.- As asociacións e colectivos interesados en participar terán que presentar por **Rexistro de entrada**. A solicitude, exenta de taxas, irá acompañada da seguinte documentación:

Fotocopia do CIF do colectivo

Fotocopia do DNI do representante

Listado de participantes na comparsa

Autorizacións asinadas polos pais ou titores legais dos participantes menores de idade.

A inscrición realizarase segundo o modelo que se lle facilitará no departamento de cultura ([departamentocultura@pontearreas.es](mailto:departamentocultura@pontearreas.es)) e nela debe figurar:

Título da Comparsa

Nome da comparsa ou asociación

Número de compoñentes

Uso ou non de carroza

Interpretación ou non de coplas

Nome, DNI e teléfono da ou do representante da comparsa

Nome, DNI e teléfono da ou do representante da comparsa no xurado.

3.- Establécese un límite **máximo de 15 comparsas** participantes. Os premios e axudas recollidas nestas bases, serán por un importe máximo de 12.000,00 euros que se concederán con cargo a partida 33000/48000 do orzamento municipal do ano 2019. A inscrición pecharase no momento de esgotar o orzamento asignado en función do número de participantes de cada comparsa.

4.- O prazo de inscrición comeza ao día seguinte da publicación das

seguintes bases e **finalizará o 27 de febreiro ás 14:00 horas.**

5.- En caso de rexistrarse máis comparsas que as fixadas, darase preferencia as do termo municipal de Pontearreas; e dentro destas as que veñan acompañadas de carroza.

6.- Cada comparsa deberá contar cun **mínimo de 25 membros** para poder optar as mencións e gratificación en concepto de participación. O Concello establece unha axuda por participación para cada comparsa, sempre que participe os tres días sinalados, por importe en función do número de participantes:

Ata 30 membros..... 400,00 euros.

A partir de 31 membros se incentivará cada membro da comparsa con 10 €, con un máximo de 1500 euros. Xunto cos participantes tamén se computará ao conductor (1 persoa) e ata dous asistentes, sempre que vaian caracterizados acorde co tema da comparsa.

As cantidades percibidas estarán suxeitas as **retencións fiscais** pertinentes.

Todos os integrantes da comparsa deben facer o percorrido completo, e si xurde algún problema deberán comunicarllo á organización.

O **reconto** dos membros das comparsas fárase no momento da saída e tamén se repetirá ao longo do percorrido polos traballadores do departamento de cultura.

Cada comparsa deberá ter un **cartel identificativo**, visible, colocado no inicio da comparsa no que conste o nome da comparsa, o título e o número de compoñentes.

Os **vehículos a motor** deberán cumprir coa normativa vixente de circulación de vehículos pola vía pública e tanto os vehículos como as carrozas deben cumprir coa normativa de seguridade aplicable e cos requisitos establecidos.

7.- O **xurado** estará integrado por cinco persoas representantes de diferentes ámbitos económicos, sociais e culturais e un traballador do Departamento de Cultura con voz e sen voto quen levantará acta da decisión do xurado.

8.- Outorgarase cinta ou diploma e trofeo as comparsas atendendo a:

- **Orixinalidade**, entendida como a comparsa mais innovadora.
- **Carroza mais enxebre**

- **Mellor temática**
- **Mellor vestuario**, valorándose fundamentalmente o uso de materiais naturais, e de reciclado e confeccionado expresamente para a comparsa.
- **Mellor animación** entendida como interacción e participación co público.
- **Mellor coreografía musical.**
- **Mellores coplas** recitadas ou cantadas en lingua galega. Valorarase a métrica, rima, a ironía e retransca propias do entroido galego. Poderán ir acompañadas de instrumentos musicais. Se para as coplas se emprega unha música gravada, e por problemas técnicos non se pode reproducir, a organización declina toda responsabilidade.
- **Mellor carroza** valorarase o uso de material de reciclado e a construción artesanal pola propia comparsa. De ser o caso, non poderían optar a premio aquelas carrozas que vaian sobre plataformas facilitadas polo Concello

O xurado valorará os diferentes aspectos dando unha puntuación do 1 ata o 5 e poderá declarar deserto calquera das anteriores mencións.

O fallo do xurado será inapelable e adoptarase por maioría simple.

9.- Os **días de desfile** fixados serán, o domingo e o martes de entroido e o mércores do enterro da sardiña. Para ter dereito ao cobro das cantidades fixadas por participar, cada comparsa comprométese a asistir aos desfiles e actos programados o domingo, o martes de entroido e o mércores no enterro da sardiña.

O **cómputo de participantes** realizarase o domingo e o martes tanto ao principio como durante o desfile. O martes poderá reducirse o número de participantes de cada comparsa ata un máximo dun dez por cento. O mércores deberán participar no Enterro da sardiña un mínimo do vinte e cinco por cento de cada comparsa.

En caso de que as comparsas non acheguen ese mínimo de participantes descontaráselles un vinte e cinco por cento da asignación.

As comparsas que asistan ao desfile só o domingo ou o martes, unicamente percibirán **200 euros** en concepto de participación.

10.- Poderán interpretar as súas **coplas** nun escenario habilitado para estas actividades na Praza Maior. En función do número de comparsas e grupos inscritos, a organización poderá establecer un tempo máximo por comparsa para a interpretación das coplas.

11.- As comparsas participantes que procedan de fóra do casco urbano, terán que ter preparadas as carrozas ás **12:00 horas do día anterior** á

celebración do primeiro desfile para facilitar o seu traslado.

En caso de mal tempo, a organización comunicará a decisión de suspender o desfile **dúas horas antes** da hora fixada de saída e comunicárase por washapp ao teléfono do representante que figure na soliciitude presentada por rexistro de entrada e se difundirá no facebook do departamento de cultura.

12.- Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta segundo o criterio da organización, sen que esta esté obrigada a comunicalo previamente.

**A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.**

Ponteareas, asinado electrónicamente,